



MEMORIA EXPLICATIVA

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E COOPERATIVAS LÁCTEAS UNIDAS, S.C.G. (CLUN) PARA A VISIBILIZACIÓN E APOIO A PROXECTOS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE.

A Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable.

No exercicio destas funcións, a Secretaría Xeral da Igualdade, impulsa proxectos dirixidos a eliminar a discriminación contra as mulleres en zonas rurais, coa finalidade de asegurar, en condicións de igualdade entre as mulleres e os homes, a súa participación nos beneficios dun desenvolvemento rural sustentable.

Por todo isto, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a entidade Cooperativas Lácteas Unidas, S.C.G. (CLUN), consideran de interese o establecemento de accións conxuntas que den visibilidade a proxectos que están a impulsar a empregabilidade e o desenvolvemento profesional das mulleres rurais e do mar como motor de dinamización demográfica e crecemento económico dos seus municipios. Coas ditas accións cúmprese cun obxectivo de utilidade pública e de interese social, xa que se está a concienciar á sociedade sobre a importancia e necesidade que supón a participación das mulleres en todos os ámbitos.

Non se establece, ao abeiro do Acordo de colaboración, achega económica a favor de ningunha das partes asinantes.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

